


Cando hai que acudir ao dentista?

- Se ten dor.
- Sángranlle as enxivas.
- Móvenselle os dentes.
- Sospeita que ten caries.
- Móvese a prótese e non pode usala.
- Ten a boca moi seca.
- Aparecen manchas na mucosa da boca, a lingua ou os beizos.
- Bábase moito.



Para manter un control axeitado do estado de saúde oral, débese acudir a revisión cada 6 meses.

FEGADACE

FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL

Federación Galega de Dano Cerebral
Rúa Galeras 17, 2º, Despacho 5
15705 Santiago de Compostela

 www.fegadace.org  881943148 / 659177709



Asociación de Dano
Cerebral de Compostela




Unidade de Odontoloxía para Pacientes con
Necesidades Especiais da
Universidade de Santiago de Compostela

 pacientes.especiales@hotmail.com

DANO CEREBRAL E SAÚDE ORAL

INFORMACIÓN PARA PERSOAS CON
DANO CEREBRAL E AS SÚAS FAMILIAS



FEGADACE
FEDERACIÓN
GALEGA DE
DANO CEREBRAL



Unidade de Odontoloxía para Pacientes
con Necesidades Especiais da
Universidade de Santiago de Compostela

Que problemas poden aparecer na boca?

- Parálises musculares.
- Alteración dos movementos da lingua.
- Perda de sensibilidade (mordeduras frecuentes).
- Problemas pola medicación (como sequidade de boca).
- Aparición de caries, piorrea, infeccións ou desaxustes das próteses.

Que consecuencias poden ter?



- ⚠ Dificultade para comer, beber e comunicarse.
- ⚠ Os alimentos acumúlanse nas fazulas e debaixo da lingua.
- ⚠ Máis da metade das persoas teñen dificultades para tragar (disfaxia).
- ⚠ Problemas sistémicos como desnutrición ou anemia.
- ⚠ Aumenta o risco de pneumonías.
- ⚠ Pódense descontrolar outras enfermidades como a diabetes.
- ⚠ Tamén hai máis probabilidades de ter unha enfermidade cardiovascular ou de repetir un ictus.

Como se poden prevenir?

- ✍ Mantendo unha boa hixiene oral. Aínda tratándose dunha persoa adulta, non hai que descoidarse, mesmo nas que se alimentan por sonda de gastrostomía endoscópica percutánea (PEG) ou sonda nasogástrica.
- ✍ Cunha dieta equilibrada, evitando o consumo abusivo de doces e bebidas azucaradas.

Consellos de hixiene oral

- ✓ Se quedan restos de comida na fazula ou debaixo da lingua, débense retirar cunha gasa.
- ✓ Pódese utilizar un cepillo eléctrico ou manual, xa que ambos son eficaces se se aplican de maneira correcta.
- ✓ Se hai dificultade para suxeitar o cepillo, pódese adaptar o mango para mellorar o agarre.
- ✓ Utilizar pasta de dentes con flúor (se a persoa é capaz de cuspir).
- ✓ Hai que establecer unha orde de cepillado para non esquecer ningunha zona.
- ✓ A duración do cepillado ten que ser de 2 a 3 minutos.



- ✓ O cepillado debe realizarse 3 veces ao día e o da noite é o máis importante.
- ✓ Nas persoas que non toleran o cepillo e nas que non teñen dentes naturais, pasar polas enxivas unha gasa humedecida nun colutorio (como clorhexidina) 3 veces o día.
- ✓ Manter os beizos hidratados.
- ✓ As próteses dentais de quitar e poñer, hai que cepillalas despois de cada comida cun cepillo específico para próteses ou un cepillo de uñas, e xabón neutro; pola noite débense retirar e dormir sen elas.
- ✓ Se ten unha prótese dental fixa, débese limpar minuciosamente por debaixo con cepillos interproximais, fío dental ou irrigadores de auga.

Se ten algunha dúbida visite ao/á seu/súa dentista habitual ou ao persoal técnico en hixiene bucodental do seu centro de saúde.